

**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 28 de febreiro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

**VOGAIS**

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. GASPAR GONZÁLEZ SOMOZA

**TÉCNICO**

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 28 de febreiro de 2018 reúnen-se en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de febreiro de 2018, que se aprobou por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION**

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M<sup>a</sup> Teresa Lourdes Sanz Acosta, para licenza de primeira ocupación e acometida á rede de subministro de auga e a rede de saneamento do inmovible sito na Pza. de Galicia n<sup>o</sup> 4, de conformidade eco certificado final de obra de data 10/08/2017, visado o 04/09/2017, e baixo as seguintes condicións:

**CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA**

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para lectura e comprobación do servizo.

**CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO**

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de  $\varnothing$  200 mm. (Exp. 292/08)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Joaquin Barreiro Jueguen, de licenza de primeira ocupación de vivenda situada na Rúa A Gallana nº 12 – Vilaxoán (Ref. Cat. 77747504NH1174N0001FD), de conformidade co certificado final de obra de data 31/12/2014, visado coa data 02/08/2016. (Expte. 354/10)

## COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Manuel Fariña González, para acondicionamento interior de vivenda na Avda. de Vilanova nº 69 – Vilaxoán (Ref. Cat. 7246903NH1174N0001PD).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 790/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Beatriz Froján Neira en representación de COM. PROP. RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ 2, para instalación de baixante en edificio situado na Rúa Ramón Piñeiro López nº 2.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 16/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Begoña Mundó Domínguez en representación de LITOCLEAN S.L., para realización de sondeos na Estación de Servicio Vilagarcía-Santiago-Bamio nº 58 (A) (Ref. Cat. 0910403NH2201S0001UT)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras realizaranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 75/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por dna. Silvia Pilñeiro Fernández, en representación de D. Juan González Aído, para reparacións en cuberta e fachadas da vivanda situada na Rúa Lagoa nº 37 – Sobrán (Ref. Cat.7444210NH1174S0001GZ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras realizaranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 80/18)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Antonio Loureiro Conde, para reforma de baños e cociña en vivanda situada na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 7-1º B (Ref. Cat. 9458008NH1195N0004IK).

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 81/18)

## LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M<sup>a</sup> Luisa Paulos Panceira, para legalización das obras de reparación de bordillo en berarrúa, na Rúa do Foxo nº 1 – O Vento – Cea, baixo as seguintes condicións:

- O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados polas obras, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, dacordo co R.D. 1627/1997.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.

- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 73/18 ).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Santiago Bello Caldas, para acometida á rede municipal de auga en vivanda situada na Rúa da Vereda nº 5 – O Piñeiro (Ref. Cat. 8443503NH1184S0001XW), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. 775/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Pedro Otero Conde, para acometida e conexión á rede municipal de auga para usos especiais (rego de xardín) na Rúa a Coviña 23 – Bamio, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 27/18)

Informar favorablemente a solicitude de D. Luis Bereijo Chao en representación de VEGO SUPERMERCADOS SAU, para acometida á rede de subministro de auga para servizo de obra na Avda. de Cambados nº 40, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Exp. 34/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Moure Martínez, para acometida e conexión á rede municipal de subministro de auga e á rede de saneamento na vivanda sita na Rúa Ibérica (Veiga de lamas) – Carril (Ref. Cat. 8881687NH1188S0001BQ), baixo as seguintes condicións:

## CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para lectura e comprobación do servizo.

## CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de **PVC mínimo de Ø 160 mm.**

**Non se poderá realizar a conexión efectiva das redes de saneamento e auga ata que non dispoña da licenza de primeira ocupacion.** (expte. 72/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Natividad Fernández Vidal, para instalación de entrada de carruaxes na Rúa Os Anxos nº 69 - Carril , debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2ª.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3ª.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4ª.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.

- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 776/17 ).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Gómez Garrido, para instalación de entrada de carruaxes na Avda. Rosalía de Castro nº 54 Bx. Dta., debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90°, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2ª.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3ª.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimírase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 07/18 ).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Raquel Vallejo Labrador en representación de NEDGIA GALICIA SDG S.A., para obras de acometida na rede de canalización de gas na Rúa Estación nº 4, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescripcóns Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.

#### **6. Reparacións**

##### **Beirarrúa**

A beirarrúa deberase repoñer cona mesma tipoloxía de loseta de bordillo, tomado con mortero e correctamente nivelado.

##### **Vial**

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado do ancho da gabia e 3 metros a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

7. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
8. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
9. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
10. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
11. A apertura das gabias nos cruces das calzadas farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.

12. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
13. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
14. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
15. Establécese unha fianza de **500,00 €**, que se vinculará **con cargo o aval de 60.000 €** suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. según convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Exp. 71/18)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Avilés Diz, para acometida á rede de saneamento na vivenda sita na Rúa da Fonte nº 1 – Faxilde (Ref. Cat. 7645703NH1174N0001AD), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego telef. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 48/18)

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Sonia Outes Fernández, en representación de COM. PROP. ARZOBISPO XELMIREZ Nº 11, para instalación de ascensor no inmovible sito na Rúa Arc. Xelmirez nº 11, de conformidade co proxecto asinado polo Arquitecto D. Francisco Freire García e D. Victor Vázquez Fernández, visado coa data de 30/01/2017 e documentación complementaria achegada.

Durante a execución das obras, a evacuación do edificio deberá estar garantida en todo momento, así como a seguridade dos seus ocupantes polos riscos da obra, polo que só as persoas autorizadas poderán acceder á mesma e determinaranse as interaccións e incompatibilidades con calquera outro tipo de traballo ou actividade que se realice na obra ou cerca do lugar da obra (Art. 9.f e 10.j do RD 1627/1997 de 24 de outubro)

No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/97, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.

A dirección facultativa asumirá a función establecida no artigo 9.f cando non fose necesaria a designación de coordinador.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. 72/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Serrano Ruiz en representación de COM. PROP. RÚA ARZOBISPO ANDRADE 4, da excepcionalidade do cumprimento dos apartados I.B.3.1.3 E I.B.3.2 do Anexo II das Normas de Habitabilidade de Galicia, segundo consta na documentación técnica asinada pola Arquitecta Dna. Carmen Santiso Rolán visada coa data de 07/02/2018, para a instalación de ascensor en edificio situado na Rúa Arz. Andrade nº 4, e así mesmo informar favorablemente a concesión de licenza para a instalación do devandito ascensor de conformidade co proxecto asinado pola Arquitecta Dna. Carmen Santiso Rolán visado o 04/12/2017 e aclaracións visadas en data 07/02/2018.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de liquidación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Expte. 764/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. María Guadalupe Conde Fontes, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Urbanización Granja de Tomé – A Pelada, Parcela nº 13N, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán (sen visado). En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Plan Parcial Lg. Tome-Renza, Ordenanza nº 2
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar illada
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 7,10 m.; 40%
4. Orzamento de execución material: 189.447,10 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito:
6. Técnicos directores das obras:

Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán

Director das obras D. Manuel Rodríguez Fontán

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse:

- Proxecto de execución asinado por técnico competente e debidamente visado.
- Estudio de Seguridade e Saúde.
- Oficio de dirección de execución das obras e de coordinador de seguridade e saúde.

Dése conta ao Departamento de Rendas, ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente. (Exp.673/17)

## **LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Sergio Cores Acha, para o inicio e desenvolvemento da actividade de despacho profesional na Rúa Nogueira nº 25 (Expte. ACTINOC/2018/000010)



Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Jesica Gonzalez Iglesias, en representación de TRENDY STORE S.C., para cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 37 bx. (ACTINOC/2018/000008)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Karen Triviño Bolaños, para cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de artigos infantís na Rúa A Baldosa nº 12 Bx. esq. Rúa Conde Vallengano nº 6 Bx. (Expte.: ACTINOC/2017/000045)

Informar favorablemente a documentación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Ana Belén Devesa Fernández, para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de froitas e verduras na Trav. Arzobispo Gelmirez nº 3 Bx. (Expte.: ACTINOC/2017/000081)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Peregrina Raposo Arias para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de plantas e herbas, herbolario na Pza. Independencia nº 6 Bx. 1. (Expte.: ACTINOC/2017/000056)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mercedes Rozados Tellado para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de mercería e paquetería na Rúa Edelmiro Trillo nº 17 bx. (Expte.: ACTINOC/2017/000043)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Laura Isabel Castro García, en representación de ATLANTIDA SHOP S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e complementos na Rúa Edelmiro Trillo nº 22 bx. (Expte. :ACTINOC/2018/000009)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Olaya Fernandez Sobrino en representación de HIGH HEELS SUICIDE S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e toucado na Rúa Romero Ortiz nº 9-11 bx. (Expte.: ACTINOC/2018/000002)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Angel Marínez Sánchez en representación de EQUIPAMENTOS OBREIRO S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de tenda textil e de complementos laborais na Rúa Estorniño nº 3 Bx. 2 (Expte.: ACTINOC/2018/000006)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Fco. Antonio Carril García, para o inicio e desenvolvemento da actividade de expenduría de tabaco – estanco, na Av. Dr. Tourón nº 20 Bx. (Expte.: ACTINOC/2017/000066)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mercedes Nieto Casal en representación de MERCHI NIETO S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de droguería e perfumería na Rúa Arzobispo Lago nº 6 Bx. 6 (Expte.: ACTINOC/2017/000028)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> Teresa Mariño Durán en representación de JOYERÍA RAPARÍZ C.B., para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de artigos de xería, relojería e bisutería na Pza. Galicia 8 bx. (Expte: 2015/10 INOCUAS)

## ASUNTOS VARIOS

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Marta de Santos Sánchez en representación de SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A. (SAREB), para cambio de titularidade da licenza de obra para construción de tres edificios para 118 vivendas na Avda. Rosalía de Castro, na parcela nº 1 do proxecto de compensación ETD-16, outorgada a GRUPO DOSEAN S.L., pola Xunta de Goberno Local de data 02/10/20107 e posteriormente modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29/04/2008, condicionada ao cumprimento das condicións da licenza orixinaria en todos os seus puntos, e sen prexuízo das facultades de inspección que o Concello poida exercer en calquera momento.

Dése conta ao Departamento de Rendado ós efectos oportunos. (Expte. 298/07)

Dáse conta da sentenza dictada polo TSX de Galicia en autos do procedemento ordinario 4139/2014, a cal estima parcialmente o recurso interposto por VODAFONE ESPAÑA S.A. sobre aprobación ordenanza municipal instalación e funcionamento equipos telecomunicacións, quedando anulados en dita sentenza os seguintes artigos:

**Artigos 3.2, 3.3, 12.1.d), 12.2.d) e Disposición Transitoria 3<sup>a</sup>** ao entender que se trata de cuestión de carácter técnica, e polo tanto corresponde a súa competencia ao Estado e non á administración local.

**3.2.-** Distancias mínimas establecidas por lei.

**3.3.-** Esmisións dentro dos parámetros establecidos polas normativas correspondentes e non poderán superar en ningún caso as mesmas.

**12.1.d)** contido do plan de implantación, no que o plan debe tratar de maneira motivada e co alcance suficiente para a súa comprensión e análise; as tecnoloxías utilizadas, tipo de equipos e antenas, estacións base, enlaces por radio e calquera outro tipo de instalación necesaria.

**12.2.d).-** Xustificación da definición de tipoloxía das instalación para cada emprazamento , mencionando: a xustificación da solución técnica proposta, altura do emprazamento das antenas do sistema radiante, área de cobertura, marxen de frecuencia , etc...

**Disposición Transitoria 3<sup>a</sup>.-** No prazo de un mes dende a entrada en vigor desta ordenanza, todas as instalación existentes deben acreditar o cumprimento dos límites de referencia do Real Decreto 1066/01...

**Artigo 15.1.1.2.b).-** en relación coa aportación da conformidade do titular do lugar no que se ubique a instalación, entendo TSXG que procede a súa anulación dado que limita o dereito dos operadores a ocupar a propiedade privada.

**Artigo 11.2.-** En canto ao contido do Plan de Implantación, sinala o TSXG que procede a súa anulación dado que se trata de cuestión técnicas sendo de competencia estatal, concretamente a xustificación da solución proposta con criterios técnicos de cobertura geográfica e propor outras alternativas posibles.

**Artigo 22, infracción grave c).-** deriva da anulación do artigo do que traía cobertura legal (artigo 11.2.º)

**Artigo 22, infracción leve b).-** deriva da anulación do artigo do que traía cobertura legal (artigo 11.2.º)

**Artigo 24, importe das sancións.-** anulas o importe das sancións por cato deben axustarse ao disposto no artigo 141 da Lei de bases de Réxime Local.  
O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Javier Navazo Sanchez en representación de GRUPO SANBRAFIT, S.L, para cambio de titularidade da licenza de obra para construción de nave para centro deportivo e cafetería en parcela sita na Avda. Rivero de Aguilar – Porto de Vilagarcía, outorgada a D. Angel Martinez Pérez., mediante Resolución de Alcaldía de data 24/09/2013, condicionada ao cumprimento das condicións da licenza orixinaria en todos os seus puntos, e sen prexuízo das facultades de inspección que o Concello poida exercer en calquera momento.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos oportunos. (Expte. 413/13))

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.